

# a igualdade como solución



XUNTA DE GALICIA

**a igualdade como solución**  
a escola: modelo e motor na prevención  
da violencia contra as mulleres

# a igualdade como solución

a escola: modelo e motor na prevención  
da violencia contra as mulleres

materiais para educación infantil e primaria



XUNTA DE GALICIA

**Editan:** Servizo Galego de Igualdade e Asociación Socio-Pedagóxica Galega

**Autoras:** Luisa Abad Abad, Raquel Abraira Sobrado,  
Azucena Arias Correa e Carme Vilaríño Vilaríño

**Ilustracións:** Ana Pillado

**Maquetación:** Chus Freire

**D.L.:** C-2930-2006 • ISBN:84-89679-82-7

# índice

1. Introducción	7
2. Obxectivos	8
3. Metodoloxía	9
4. Contidos e propostas de traballo	10
a. Xénero, sexismo e desigualdade	11
b. Educación afectiva e dos sentimentos	17
c. Resolución de conflitos. Relacións interpersoais	20
d. Violencia contra as mulleres	22
5. Instrumentos de observación da práctica diaria	36
6. Materiais comentados	39
7. Teléfonos de interese	43
8. Bibliografía	45



# introducción

Estamos a vivir nunha sociedade que empeza a sensibilizarse e a rexeitar a violencia que se exerce contra das mulleres<sup>1</sup>.

A escola e a familia son ámbitos privilexiados dende os que se pode e se debe traballar para erradicala. Profesorado e, sobre todo, os proxenitores, xogan un papel decisivo no establecemento dos xeitos de relación das rapazas e rapaces. O exemplo é o que máis educa.

As criaturas aprenden dentro da familia a integrar as súas relacións, absorben como esponxas os xeitos de comportamento das persoas adultas e máis tarde na escola ao se relacionaren cos seus iguais van incorporando outra serie de habilidades sociais tales como cooperar, poñerse no lugar da outra persoa, facer amizades.

Polo tanto, o traballo dende o sistema educativo tamén é necesario; a prevención da violencia de xénero convértese en algo ineludíbel e pode abranguer actuacións xerais, básicas e concretas. A escola debe ser o lugar para fornecer valores como o respecto, a igualdade dentro da diversidade e da diferenza, o espírito crítico, é un espazo onde se aprende a pensar, a analizar, a descubrir,... é por isto un dos sitios idóneos para previr calquera tipo de violencia.

Esta Unidade Didáctica diríxese especialmente á prevención da violencia contra as mulleres, enmárcase nun contexto amplo de educación en valores que pretende implicar toda a comunidade educativa: familias, profesorado e alumnado. É o suficientemente ampla e aberta como para que cada profesora ou profesor escoлла aquelas actividades que máis se axeiten á idade do alumnado e ao tempo de que dispoña para levalas a cabo.


O noso desexo é pór estes materiais a disposición desta comunidade e que poidan achegar un gran de area na difícil función de facer unhas relacións entre os sexos máis respectuosas e pacíficas.

Na páxina Web [www.sgi.xunta.es](http://www.sgi.xunta.es) complétase este material con outras propostas

1. A violencia contra as mulleres é aquela violencia baseada no sexo e dirixida á muller por selo. Inclúen actos que infrinxen dano ou sufrimento de índole física, mental ou sexual, incluídas as ameazas de tales actos, a coerción ou as privacións arbitrarias de liberdade, ocorran estas no ámbito público ou privado. Dada en 1993 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

# obxectivos

- Favorecer na comunidade educativa cambios cognitivos, afectivos e condutuais.
- Introducir o valor da igualdade como algo desexábel e habitual en todas as actividades que se desenvolven no centro.
- Fomentar valores de colaboración entre nenas e nenos. Concienciar o alumnado de que o maltrato psicolóxico e físico afectan á calidade de vida das persoas.
- Facer propostas de resolución pacífica de conflitos. Contribuír a desenvolver dende os centros educativos as relacións baseadas no respecto a todas as persoas e no rexeitamento a calquera tipo de violencia.
- Concienciar o alumnado de que a violencia de xénero é un delito.
- 8 • Potenciar unha educación en valores para que tente acadar unha sociedade que non tolere a violencia.
- Visualizar dun xeito claro as formas de violencia contra das mulleres na sociedade actual.
- Incluír a loita contra o sexismo e a violencia de xénero dentro da perspectiva da defensa dos dereitos humanos.





# metodoloxía


A metodoloxía a empregar ten que ser participativa e ao tempo reflexiva posto que o que pretendemos é que sexan as rapazas e os rapaces os que, a través dunha actitude crítica, sexan quen de cuestionar o modelo sexista imperante.

Na prevención cómpre usar estratexias que impliquen:

- Aprendizaxe de fórmulas axeitadas de expresión dos sentimentos e emocións
- Remuíños de ideas
- Dramatizacións
- Estratexias cognitivas (historias, casos...)
- Dinámicas grupais.
- Técnicas de autoafirmación que promovan condutas igualitarias
- Traballo con técnicas de autovalimento e autoaxuda
- Actividades de reflexión e debate
- Uso de estratexias de difusión das reflexións: exposicións, debates...

Unha actuación concreta nos centros pode conter os seguintes puntos:

1. Sensibilizar sobre o problema. A prevención non é posíbel se non se recoñece a existencia do mesmo.
2. Definir o problema con claridade, facelo visíbel. Unha primeira intervención é desenvolver estratexias que axuden a identificar o problema en toda a súa extensión e diferencialo doutros xeitos de violencia.
3. Difundir procedementos de actuación



# contidos e propostas de traballo


O papel das familias, do profesorado e da sociedade é fundamental para combater a violencia, cómpre pór en marcha mecanismos axeitados e eficaces.

Pensamos que se deben traballar ao longo dos cursos da infantil e primaria catro bloques moi interrelacionados e dos que imos facer algunhas propostas xenéricas e tamén desenvolver máis polo miúdo as actividades posibles co alumnado.

10

Os bloques de contidos que propoñemos son:

- A. Xénero. Sexismo. Desigualdade
- B. Educación afectiva e dos sentimentos
- C. Resolución de conflitos. Relacións interpersoais
- D. Violencia



# 2

# Xénero, sexismo, desigualdade

Os estereotipos latexantes na nosa sociedade fan que o colectivo das rapazas sexa especialmente vulnerábel ao maltrato. Estamos a falar de sexismo.

O sexismo é a discriminación por razón de sexo. A forma sexista de construír a identidade pode obrigar os rapaces a identificarse coa dureza, o dominio ou a utilización da violencia. Os rapaces recoñecen participar en agresións cunha frecuencia significativamente superior á das rapazas.

No camiño para a construción da masculinidade moitos nenos para acadar o modelo estereotipado esixíbel viven unha tensión que soen disimular con mecanismos de protección que levan aparellados "abusos de xénero", son aqueles que se derivan da inferiorización e cousificación das nenas e dos seus compañeiros "menos homes" e que se traducen en violencias verbais, físicas e sexuais, acosos..

Para traballar na superación das crenzas que conducen á intolerancia e á violencia cómpre proporcionar ao alumnado esquemas que permitan tolerar a incerteza, construír axeitadamente a propia identidade sen ter que establecela contra das persoas que se perciben diferentes ou en situación de debilidade, descubrindo que todas e todos somos ao tempo iguais e diferentes.

Erradicar condutas agresivas supón un traballo a favor da igualdade de dereitos e deberes nas rapazas e rapaces que estamos a educar. A desigualdade favorece a violencia.

Estes son os aspectos escolares que temos que traballar para diminuír a desigualdade de xénero presente na educación tradicional sexista:

- **na linguaxe:** Será a nosa tarefa propoñer expresións que abrangan mulleres e homes. Haberá tamén que analizar refráns e chistes sexistas.
- **xogos e xoguetes:** usalos sen ter en conta o sexo.
- **uso dos espazos do centro:** Intervir nos espazos de xogo, lembrar que hai situacións formais e regradas e informais, ambas son fonte de modelaxe para o alumnado.
- **uso indebido do corpo da muller:** Como obxecto na publicidade, na TV, no cine, nas cancións... Analizar criticamente a utilización do corpo da muller . Facer propostas de análise de imaxes. Denunciar calquera tipo de violencia na publicidade e nos medios combatendo a degradación da imaxe feminina.
- **a expresión dos sentimentos:** Desde un punto de vista coeducativo podemos traballar esquemas emocionais dirixidos a nenas e nenos: expresividade dos sentimentos, observación das emocións doutras persoas, control de manexo de impulsos, da ira, .... Potenciar a valoración e o logro da independencia afectiva, a expresión do NON, habilidades de toma de decisións e de busca e petición de axuda...
- **a división sexual do traballo:** A valorización do traballo doméstico é algo que haberá que potenciar dende as aulas.
- **as expectativas profesionais:** Fomentar por igual expectativas profesionais para nenas e nenos. Reflexionar sobre os materiais e recursos que a escola presenta ao alumnado. Explicar roles, propor alternativas a roles estereotipados.
- **os proxectos de vida:** Analizar o uso do tempo de ocio de mulleres e homes.
- **traballar coas familias facendo suxestións, comentarios,...** Achegar ideas sobre xogos e xoguetes, recomendar libros de contos, aconsellar actuacións dende a casa.....

## a tiranía da beleza

**a.** Propoñer un debate, adaptado ás distintas idades, a partir do seguinte texto:

Os programas televisivos e a publicidade presentan un modelo de persoas que pouco teñen que ver coa realidade.

A muller, nos medios, soe presentarse como tenra, delicada, fermosa, moza, submisa, discreta, preocupada sobre todo polo físico, por ter un corpo perfecto. Resaltan como as súas funcións máis importantes na sociedade a realización das tarefas domésticas, coidado dos fillos e fillas, coidado do marido, responsábel da boa marcha da familia.

Pola contra, a imaxe do home que destacan é de forte, ambicioso, independente, activo, con iniciativa propia. Valórase o tipo de traballo que fai e o éxito económico.

Cando algunha muller asume algunha das características consideradas de homes, valórase como pouco feminina. Pola contra, aqueles homes que adoptan actitudes ou formas consideradas propias de mulleres, dise que son afeminados.

*Na vida real, as persoas todas somos diferentes, con características propias, todas valiosas, que nos fan únicas e irrepetíbeis. Hai persoas altas, baixas, de ollos negros, azuis, con pelo negro, loiro... de pel máis clara e máis escura. Conformamos un rico e variado mosaico. Impoñer un modelo e ideal de beleza empobrece esa variedade. Ademais, non son as características físicas as que determinan as calidades das persoas.*

**b.** Completa, atendendo ao texto anterior as seguintes frases:

*Unha persoa por ser muller está obrigada a...*

*Unha persoa por ser home está obrigado a...*

**c.** Das seguintes características anota na seguinte táboa o que valoras ti nunha muller e nun home:

Decisión, curiosidade, capacidade de resolución, amabilidade, beleza, forza, entusiasmo, intelixencia, solidariedade, valentía, lealdade, vontade, bondade, iniciativa, elegancia, ...

rapazas / mulleres

rapaces / homes

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---



**d.** Cada vez máis, e sobre todo as mulleres, sométense a operacións de cirurxía estética para modificar partes do seu corpo que non lles gustan.

**d.1.** Facer un coloquio sobre o tema, recollendo as distintas opinións.

**d.2.** Elaboración dun mural sobre modelos de beleza masculina e feminina, utilizando revistas, folletos, periódicos...

**d.3.** Enumera trazos de beleza tanto de homes como de mulleres que se salientan en revistas, televisión, fotos.

- Con cales te identificas?
- Cales che parecen enganosos?.
- Aspiras a acadalos?

**e.** Visión de anuncios publicitarios comentados onde aparecen modelos masculinos e femininos para a venda de produtos.

## ✚ escravizada por un gato con morro

• Actividades previas:

**a.** Facer un remuíño de ideas na clase sobre as tarefas que cren que son necesarias na casa. Recollelas nun cadro, amplialas investigando na casa e con axuda da familia. Completar o cadro.

13

### tarefas necesarias na casa

Poñer a mesa

Varrer

Pasar a aspiradora

...


**b.** Analizar en que consisten esas tarefas. Fixarse na súa natureza heteroxénea.

**c.** Observar a importancia destas tarefas e que sucedería se non se realizasen. Reflexionar sobre a frase:

“Moitas das tarefas domésticas son actividades universais, en todo o mundo hai que facelas.”

**d.** Analizar tarefa a tarefa, ver as calidades e capacidades que se precisan ter para facelas. Reflexionar sobre como é posíbel que sexan realizadas por ambos sexos.

**e.** Retomar o cadro do apartado **a.** e realizar na casa de cada alumna e cada alumno unha observación

tarefa	quen a realiza	periodicidade
Poñer a mesa		
Varrer		
Pasar a aspiradora		
...		

**f.** Analizar os datos obtidos, elaborar gráficas. Tirar conclusións

**g.** Repartir as tarefas do cadro e observar na casa o tempo que leva facelas. Sumar eses tempos parciais. Tirar conclusións.

**h.** Comentar cales son as implicacións negativas que ten para a muller o asumir toda a responsabilidade do traballo doméstico (menos postos de responsabilidade, máis cansazo, menos horas de lecer, menos tempo destinado á formación, escasa consideración do que fai, dobre xornada, escravización ...)

**i.** Debater o tema coas nenas e nenos doutras clases: faranse na clase tantos grupos como aulas de nivel haxa no centro. Elaborarase un guión de preguntas para guiar o debate. Cada grupo co seu guión irá a outra aula e traerá as conclusións que se debaterán finalmente en gran grupo.

Un exemplo de guión:

### guión para o debate

- Quen fai máis tarefas na casa?
- Cando hai que facer esas tarefas?
- En vacacións fanse?
- Cobra a persoa que fai esas tarefas?
- Duran moito feitas?
- Cando hai que volver facelas?
- É xusto que a maioría delas as fagan as mulleres?
- Que se poderá facer para modificar esa discriminación?

• **Actividades posteriores:**

**a.** Comentar en pequenos grupos: Que pasa se a muller é obrigada a realizar determinadas tarefas?

**b.** Ler a historia seguinte:

Hai unha gata salerosa  
que traballa cun camiión,  
conduce case todo o día  
levando caixas á estación.

O seu home é un gato  
que traslada a diario  
peixe fresco e conxelado  
para gañar o salario.

Ela non ve nin un euro  
pois todo o garda el,  
dálle moi xusto o diñeiro...  
non goza nada del..

Chegan á casa á vez,  
cansa ela e canso el,  
deben facer a comida,  
lavar, poñer o *mantel*,...

A gata xa fixo as compras  
cando viña polo camiño,  
o gato só trae un saco  
co seu mono ben porquiño.

O gato, en zapatillas  
senta no seu *sillón*,  
colle o mando, dálle á tecla  
e prende a televisión.

A gata mentres tanto  
non para un segundo:  
pela, corta, lava, frite,  
limpa e frega,... todo xunto.

O gato goza arreo  
vendo nese televisor  
un programa de concursos  
no que gañan un tambor.

A gata moi esgotada  
limpa o po, varre o chan,  
coloca ben a neveira,  
e desconxela o pan.

Pronto o gato ten fame  
- Gata tráeme un bocadiño!  
A gata está farta, xa sabes,  
mais prepara un xureliño.

O gato aínda protesta  
porque está cru de máis,  
e berra á pobre gata:  
- Non o probaches quizais?

-Timbran á porta!- di o gato  
berrando dende a *butaca*,  
el non abre e vai a gata  
pelando nunha pataca.

- Pásalle o ferro ao meu traxe  
que o quero poñer mañá!  
Non fai falla tanto tempo  
para darlle a cea a mamá!

Á gata, que non para,  
dóelle até o peroné,  
o gato escoita un barullo:  
- Está chorando o bebé!

A que non sabes quen  
lle cambia o cueiro ó bebé?  
A gata, claro, pois claro,  
o gato non move un pé.

Por que non traballa o gato  
se é tamén a súa casa?  
A gata non para un intre,  
sabes ti que é o que pasa?



Texto: Azucena Arias

**c.** Despois de ler o texto, contestade estas preguntas:

- Son as mesmas tarefas as que fai a gata e o gato?
- Traballan fóra de casa a gata e o gato?
- Por que é a gata quen se ocupa do fogar?
- Como resolverías esa discriminación?
- Facer slogans.

**d.** Comentade as estrofas seguintes:

Ela non ve nin un euro  
pois todo o garda el,  
dálle moi xusto o diñeiro...  
non goza nada del

O gato aínda protesta  
porque está cru de máis,  
e berra a pobre gata:  
- Non o probaches quizais? -

Pásalle o ferro ao meu traxe  
que o quero poñer mañá!  
Non fai falla tanto tempo  
para darlle a cea a mamá!

**d.1.** Contestade individualmente:

- Valora o gato todo o traballo que fai a gata? • Por que é o gato quen dá o diñeiro? • Por que llo dá xustino?

**d.2.** En pequenos grupos, tentade dar resposta a estas preguntas:

- Sentirase querida a gata? • Sentirase valorada? • Será feliz? • Cales credes que serán os sentimentos da gata?

Anotade todos despois de razoalos.

**d.3.** Usando a técnica do balón<sup>2</sup>, comentade nun grupo grande as seguintes cuestións:

- Que lle ocorre á gata? • É unha situación xusta a súa? • Actúa o gato correctamente? • Trátala con corrección? • Ten o gato en conta os dereitos da gata? • Por que credes que abusa o gato? • Credes que se trata dun tipo de maltrato?

**e.** Lede esta definición e tentade explicala coas achegas de toda a clase:

**A violencia de xénero é aquela dirixida contra a muller por ser muller. Inclúense actos que producen sufrimento, anguria, humillación, dano físico,... e están incluídas as ameazas, os abusos, a privación de liberdade,... tanto se ocorren na casa como fóra de ela.**

- e.1.** Reler o que lle pasa á gata e observar se hai algún xeito de violencia de xénero: hai abuso? hai humillación?

- e.2.** Comparar a historia da gata cos resultados obtidos coas táboas na casa. Facer adhesivos para concienciar as familias e o resto do colexio sobre o problema.

## **inventade anuncios publicitarios non sexistas para os seguintes xoguetes**

- a.** Inventar novos anuncios non sexistas para: boneca, coche, balón, xogo de louza, videoxogo, xogo de perruquería, coclñas, ...

- b.** Observar os anuncios de xoguetes na tele e nas revistas. Anallzalos



2. Faise un xogo de sortes para ver que persoa compoñente do grupo terá en 1º lugar a posesión do balón. Mentres teña o balón poderá falar até un máximo de tempo marcado por un gong e pasará o balón a outra persoa do grupo. O balón irá pasando de man en man e non poderá regresar á primeira persoa até que teñan falado todas





# educación afectiva e dos sentimentos

Cando falamos de maltrato estamos a referirnos a unha disfunción das relacións persoais, de torpeza emocional que nos leva a ter relacións mal dirixidas que poden ter consecuencias desastrosas para nós e tamén para os demais.

A nosa cultura ten primado tradicionalmente os contidos de tipo intelectual, racional e deixado de lado os sentimentos e a natureza. A aparición dos libros de Goleman (1996 ) sobre **intelixencia emocional** fixo á sociedade consciente da necesidade de educar as emocións e os sentimentos para ser capaces de manexalos no momento de se enfrentar a un problema.

A intelixencia emocional fornece, con diferenza, o tipo de calidades que nos axudan a converternos en auténticos seres humanos. Refírese a habilidades como: \_\_\_\_\_

- **autocontrol** : Capacidade de dirixir e controlar as emocións.
- **sensibilidade para ter en conta os sentimentos dos demais**. O recoñecemento das emocións das demais persoas.
- **autoconhecimento persoal**: Recoñecemento das propias emocións.
- **Establecemento de boas relacións interpersoais**
- **Fomento de actitudes positivas e habilidades como**: saber escoitar, comunicar e interpretar os nosos sentimentos e os dos demais.

17

De aí a necesidade de introducir valores relacionados coa vida persoal no ensino obrigatorio.

Nunca a ignorancia de temas curriculares ten provocado desgrazas individuais ou colectivas, pero... a ignorancia dos propios sentimentos, as accións que se derivan deles, a ignorancia das formas non violentas de solucionar conflitos, é dicir as violacións, suicidios, crimes e agresións non teñen que ver coa ignorancia de materias curriculares senón que están asociadas a **incapacidade para resolver problemas interpersoais e sociais de forma intelixente**.

Propomos traballar: \_\_\_\_\_

- O corpo. Respetto e coidados. Prevención da anorexia, obesidade e a muller como obxecto.
- Programas para a potenciación da autoestima.
- Axudar a nenas e nenos a expresar toda a gama de sentimentos.

A continuación suxerímosvos unha serie de actividades concretas:

## ✂ dominó de emocións e sentimentos

(Fonte: Segura e Arcas "Educar las emociones y los sentimientos" Ed. Narcea )

É interesante este traballo porque ensina a matizar e identificar diferentes estados emocionais. Trataríase de realizar en cartón un dominó para axudar na definición dunha chea de sentimentos e traba-

Traballar con el en grupos de catro persoas:

<b>desprezo</b>	Danche a nota dun exame difícil e aprobaches.	<b>ledicia</b>	Tes que operarte e dinche que hai graves riscos.	<b>vergoña</b>	A profesora de matemáticas di che que tes moitas posibilidades de aprobar
<b>ciumes</b>	Alguén demostra en público que dixeches unha mentira moi grande por presumir	<b>fobia</b>	Levas meses no estranxeiro e botas moito de menos a alguén	<b>tristura</b>	Teño un calzado novo e cómodo pero merco outro porque é dunha marca famosa.
<b>namoramento</b>	Dinche que un camión matou o teu can	<b>esperanza</b>	Moléstame moito pechame nun ascensor	<b>aburrimiento</b>	Vas na túa bici e ves unha gaba.
<b>anguria</b>	Non me gusta o fútbol e o meu pai empéñase en que o vexa con el	<b>capricho</b>	Queres ir a Inglaterra e comezas a estudar Inglés con moita enerxía	<b>entusiasmo</b>	Unha persoa da miña clase é admirada polos demais e a min non me fan caso
<b>medo</b>	Xogando no recreo manquel a un compañeiro e el Insúltame coa palabra que máis me doe	<b>desengano</b>	Vexo a miña parella ballando agarrosamente con outra persoa	<b>envexa</b>	Confiabas moito nunha persoa e acabas de darte conta de que te enganou
<b>ira</b>	Teño un exame mañá e aínda teño sen estudar a metade da materia	<b>amizade</b>	Saco mol boas notas e ríome dun compa que suspende	<b>morriña</b>	Hai unha persoa especial coa que podo compartir ledicias e tristuras
<b>sorpresa</b>	No pobo dúas familias enfróntanse a morte polos lindes das letras	<b>odio</b>	Un branco rico mira con superioridade a un negro pobre que ten SIDA	<b>noxo</b>	Existe unha persoa especial para min coa que me gustaría pasar moito tempo
				<b>orgullo</b>	Vou pola rúa e vexo que alguén ten vomitado na beirarrúa

18

## ✂ podo dicir non

Información que debemos coñecer como punto de partida:

*A creanza de que as persoas maiores teñen dereitos sobre os seus corpos, a obediencia incondicional esixida ás criaturas pequenas, favorece a non protección ante os abusos sexuais. As persoas que exercen violencia contra as mulleres, contan coa colaboración inicial da vítima normalmente por ameazas ou enganos. Un número alto de violacións ocorre usando como escusa a idea culturalmente estendida de que cando unha muller di NON, non debe terse en conta, porque o fai para facerse a decente e quere dicir SI. Hai que desenvolver nas nenas e nos nenos a conciencia de que o seu corpo lles pertence e que ninguén pode dano-lo. Debe ensinárselle ao alumnado a dicir NON, CORRER E CONTALO como estratexias de autodefensa.*

## Obxectivos

- Facer que o alumnado comprenda que o seu corpo lle pertence e que ninguén ten dereito a danalo.
- Reflexionar sobre o dereito a dicir NON, contalo e fuxir como fórmula de protección diante da violencia e o abuso.
- Diferenciar as caricias, bicos, apertas,... desexados dos manipulados e forzados.

### a. Comentar en gran grupo o significado do texto. Poñer un título

Existen moitas caricias.	Hai caricias de saúdo...	Hai caricias que che despetitean o pelo...	Hai caricias de consolo cando estás moi triste...
Hai caricias nas mexelas...	Hai caricias nas mans...	Moitas veces queres que te acaricien e... é xenial!	Outras veces non queres caricias...  Entón debes dicir: NON
DI NON cando alguén che faga unha caricia que non queres.	DI NON cando alguén che faga unha caricia nunha parte do corpo que non queiras	DI NONI, Corre e contallo a alguén para que te axude.	Ninguén pode pedir que gardes segredo sobre unha caricia, unha aperta, un bico,...

19

### b. Repartir o texto dos cadradiños individualmente. Solicitar ao alumnado que o lea.

### c. Ilustrar o contido de cada viñeta.

**d.** Debater: Cando teño dereito a dicir NON? • Podo dicir non sempre que unha caricia non me apeteza? • Podo dicir NON cando me queira acariciar alguén que eu non quero? • Cando máis podo dicir NON? • Pode alguén dicir que non diga nada sobre as caricias que me fai? • Poden pedirme que garde segredo sobre as caricias?

### e. Facer un listado de caricias que me gustarían e caricias que non.

### f. Facer outro texto como o anterior substituíndo caricias por apertas.

### g. Traballar coa frase:

Cando alguén di non, é que non quere.  
Debe respectarse o seu desexo

Variante: Usar como texto de partida o libro de MARION MEBES "Nin un biquiño á forza". Ed. por Consellaría de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

# C

# resolución de conflitos. relacións interpersoais.

Na escola, en interacción cos iguais apréndese a convivir. Os conflitos xorden constantemente e aprender a analízalos e resolvelos é fundamental. Aceptemos os conflitos e busquemos fórmulas construtivas de resolución dos mesmos. Canto antes iniciemos esta aprendizaxe máis doado será neutralizar respostas violentas. A resolución de conflitos debe ir sempre acompañada ou precedida da aprendizaxe emocional.

Propoñemos: \_\_\_\_\_

- Aprender a distinguir as tres partes dun conflito para poder analízalo: historia, manifestación e solución.
- Ensinar ao alumnado dende o programa de acollida a responsabilizarse do que ocorre na aula, na escola, ..., a aceptar as normas consensuadas, a manter relacións positivas co grupo, ... e a rexeitar a violencia. Está probado que a impunidade ante as agresións xera máis violencia. Un sistema de normas consensuado contribúe grandemente a previr o maltrato.
- Formulemos entre todo o grupo as normas de funcionamento: O compromiso do profesorado estará en definir con claridade xunto co alumnado que tipos de actitudes e comportamentos son intolerábeis, así coma as sancións que se deriven. Está probado que o respecto cara os límites mellora cando todos os membros da comunidade teñen participado na súa definición e cando se aplican a todas as persoas segundo uns principios previamente aceptados. Se se ten un papel activo na creación de normas e estas son conceptualizadas como un medio para a mellora do benestar de todo o mundo, o seu incumprimento xa non é unha desobediencia senón unha deslealdade cara a persoa e cara o grupo
- Darlle información ao alumnado sobre a importancia da denuncia. Nunca se é "chivata" nin "chivato" cando se destapa unha situación de maltrato.
- Traballar un programa de desenvolvemento de habilidades sociais.
- Identificar elementos sexistas nas fórmulas relacionais. Cuestionar os modelos impostos e explorar como se transmiten os estereotipos na aula

20

Aquí tedes algunhas actividades para levar á aula máis desenvolvidas:

## ✂ é tolerancia, é agresividade

Obxectivos: \_\_\_\_\_

- Diferenciar accións violentas das que non o son. Recoñecer algúns dos dereitos das persoas que son infrinxidos polas agresións.
- Reflexionar en grupos pequenos sobre diferentes aspectos relacionados coa violencia.
- Atopar solucións a conflitos relacionados coa violencia de xénero.







# violencia contra as mulleres

A violencia de xénero é un xeito de maltrato contra as mulleres polo mero feito de selo. A mosca varia- das fórmulas e ten como resultados danos físicos, psicolóxicos e sexuais. É unha situación na que unha muller se converte en vítima por exposición continuada a accións negativas (verbais, físicas, sexuais e/ou psicolóxicas) producidas por un home.

A violencia implica para a muller sufrir extorsións, ameazas, insultos, humillacións, intimidacións ver- bais, degradacións, humillacións, destrución de propiedade, abandonos, restricións de acceso a elemen- tos básicos (alimentos, roupa, transporte, servizos médicos), exclusións, illamento, negación, ocultación, marxinación, chantaxes, represión sexual, acoutación dos espazos nos que se move, desautorizacións e/ou agresións físicas. O maltrato é un drama, un pesadelo enorme para as mulleres que se converten en víti- mas de homes, xeralmente coñecidos, mesmo familiares.

A violencia contra das mulleres ten como característica a **invisibilidade** (funciona a lei do silencio), moitas das veces como consecuencia da vergoña, da dependencia- emocional, económica,...-, da cren- za en mitos (pénsase que é aceptábel usar a violencia nalgúns casos, que os homes teñen que amosar a súa autoridade e control,...) e da privacidade- consideración de que o privado, o familiar é algo íntimo e persoal e polo tanto non comentábel.

É preocupante que un 80 % das mulleres novas e un 75 % dos homes novos, non relacionan a falta de amor co maltrato, pensando que se pode causar violencia a alguén a quen queremos. Ademais gran parte do alumnado considera que se non hai ciumes nunha parella é porque non hai amor; que os ciú- mes son algo necesario e unha forma de demostrar o amor. (*Informe La violencia de género en las muje- res jóvenes Madrid, 30 de Novembro de 2005*).

22

Aquí van algunhas propostas de traballo na aula: \_\_\_\_\_

- Manter unha actitude de rexeitamento ante calquera tipo de violencia, unha actitude de toleran- cia cero cara a condutas agresivas de calquera tipo e forma: insultos, ameazas, subornos, abusos...
- Educación sexual. Cambio do modelo aprendido.
- Analizar os mitos da violencia de xénero. (Aparecen na actividade chamada "Destripando noticias")
- Traballar na aula e no centro cos dereitos humanos, ensinar ao alumnado os seus dereitos e deberes.
- Realizar actividades que impliquen:
  - Ensinar ao alumnado sinais de perigo, etiquetar contextos e condutas. Favorecer que distin- gan entre condutas violentas en xeral e condutas de violencia de xénero. Informar sobre os tipos, circunstancias e fórmulas de violencia de xénero.
  - Difundir que a violencia de xénero é unha expresión da dominación dos homes sobre as mulleres baseada fundamentalmente na división de funcións e que polo tanto é rexeitábel.
  - Desenvolver condutas e actitudes de autoprotección: Darlles información sobre os sistemas de apoio aos que recorrer para denunciar os feitos de agresións sufridas e incidir en que non se sintan culpábeis polo sucedido. Informar sobre como reaccionar e a quen pedir axuda, indicar quen pode denunciar e ante quen.
  - Combater o silencio e a complicidade ante as agresións. Facer ver que o silenciado non se pode solucionar (ter en conta que as vítimas e as testemuñas tenden a silenciar o ocorrido). Insistir para que non sufran/asuman os actos violentos de forma resignada. Indicar a impor- tancia de que o alumnado revele o sucedido.
  - Facer ver que o uso da forza e a prepotencia non significa ser valorados.

A continuación propóñense unha serie de actividades máis específicas para traballar este bloque da violencia:

## ✂ até a demanda

### a. Presentar o seguinte texto:

O noivo de dona Rata  
era un rato moi galante,  
levaba un cordón na pata  
e un chaquetón elegante.

Cando xa levaban meses  
e estaban comprometidos  
ela puxo un traxe verde  
e el reforceu o fociño.

Como sen dar importancia  
díxolle: non poñas iso!,  
ela creu que era confianza  
e foi... e caso //e fixo!

Máis tarde, nun frío día,  
berroulle el por pintarse,  
dicíndolle que quería  
que fose sen maquillarse.

Despois dun tempo xuntos  
van e casan en abril.  
Pronto só escoitan insultos  
e del, ela quere fuxir.

Sucédense as chantaxes,  
as ameazas, as queixas,...  
a rata quere marchar  
pero o rato non a deixa.

A tortura foi máis forte...  
tiña hematomas no corpo  
estaba ferida de cote  
e ás veces un óso roto.

Pregúntanlle: que pasou?  
e di moi sufocada  
que na bañeira esvarou  
por iso está mancada.

A brutalidade do rato  
parece non ter remate,  
cada vez a pobre rata  
ten trato máis degradante.

Unha mañá, máis ben cedo,  
Rata mirouse no espello,  
suaba a chorro de medo  
e tiña un rascón no cello.

Séntese desamparada,  
inútil, soa, ansiosa,  
pensa que é menos que nada...  
que vida tan congoxosa!

Levaba gafas escuras  
e os ollos ben agachados  
tralas enormes monturas  
que tapaba os morados.

Unha amiga intuía  
a traxedia desta rata  
- Demándao!- suxeriu-  
co sufrimento remata.

De noite na súa cama  
decide con resolución  
denunciar todo o seu drama  
e todas as agresións.

Puxo en marcha o mandamento:  
"Rata, non aguantarás".  
Rematou co seu tormento  
sen botarse cara a atrás.

Vive Rata xa tranquila?  
Librou por fin do rato?  
Marchou vivir a unha illa  
ou vive no seu burato?

*Texto: Azucena Arias*

**b.** Solicitar que busquen no texto o máis rapidamente posíbel palabras como: insulto, ameazas, desamparada, agresións, chantaxe, agoniada, mancada, ...

**c.** Pedir ao alumnado que faga hipóteses, suposicións sobre o tema do texto tendo en conta as palabras subliñadas. Debater as hipóteses e solicitar que as razoen.

d. Ler a historia con detemento, comentar en pequenos grupos cada suceso: agresións, insultos, ameazas, prohibicións, chantaxe,... Indicar ao alumnado que os ordene segundo a secuencia en que ocorren. Propor que ilustre a historia.

e. En pequenos grupos que completen o esquema seguinte co que fai cadaquén na historia:

o rato

a rata

intervén en como viste

prohíbelle maquillarse

insúltaa

faiille chantaxe

ameázaa

pégalle

f. Debater en gran grupo na aula o que lle acontece á rata. (É un maltrato?. Todo o que lle fai o rato dende o noivado é violencia? Por que?...)

g. Comentar os sentimentos da rata. Tentar representar con caras o seus estados de ánimo.

h. Reflexionar sobre o mandamento: "Non aguantarás". (Aguanta a rata? Por que cres que o fai? Por que este é un mandamento axeltado ao caso?)

i. Levar a historia á casa para comentala coa familia. O alumnado solicitará axuda para buscar casos similares ó da rata na prensa.

k. Traer á clase esas noticias, relacionalas con cada elemento do apartado e). Facer un dossier coas novas. Intercambiar o dossier co resto das clases do colexio.

l. Traballar coas preguntas: Como actúa a amiga da rata? que outras cousas podería facer? Recoller as ideas.

m. Traballar coas preguntas: Que fai a rata ao final? Cres que pode pasar algo máis grave? Razoar as respostas en base á historia e ó lido nas noticias de prensa.

n. Recoller todo o traballo nun libriño con este índice probábel:

- Antes de ler o texto: o tema que criamos que era.
- A historia da rata ilustrada
- O que fai cadaquén na historia
- Como se sente a rata
- O que quere dicir "Non aguantarás"
- Os titulares das noticias que temos no dossier, outros titulares que vimos
- Como podería axudar a amiga da rata





# o triángulo da violencia

Información que debemos coñecer como punto de partida:

A violencia pode ser exercida explicitamente (golpes, violacións, insultos...) pero na maioría das veces é exercida de xeito sibilino e encuberto, sobre todo en actitudes e comportamentos cotiáns considerados aceptábeis, quizais por habituais. A violencia contra as mulleres amosa un fenómeno similar ao de iceberg, representándose só unha porcentaxe da realidade.

Existen varios tipos de violencia de xénero, moitos dos cales non resultan tan visíbeis aos ollos da sociedade:

## 1.- Abuso psicolóxico ou emocional

Estes acostuman ser certos comportamentos por parte do agresor, como ameazas, tácticas de illamento, críticas, insultos, etc. Con este tipo de maltrato consegue culpabilizar a vítima, humillala. Usan as coercións e ameazas, o illamento controlando o que fai e ve, o control dos cartos e dos gastos, o medo (amosando armas e ademáns violentos), a irritación constante,...

## 2.- Abuso sexual ou agresión sexual

Acto que vai dende as caricias até a penetración. Tamén están incluídos comportamentos como o de impedir o uso de anticonceptivos ou o da lesión durante o acto sexual

## 3.- Violencia física

Inclúe empurróns, cambadelas, golpes, homicidio.


**dun iceberg só vemos a parte que está sobre o mar. á violencia de xénero sucédelle algo similar, só vemos algunhas das súas manifestacións, aquelas que son imposíbeis de ocultar.**

**existen máis casos de violencia de xénero que os que se ven ou coñecen a través da prensa.**

**moitas veces a violencia maniféstase de xeito encuberto.**

a. Levamos o cartel anterior á clase, entre todas e todos tentamos explicar que quere dicir. Cales serán os casos de violencia de xénero que aparecen na punta do iceberg? E na base?

b. Ás veces un Iceberg lémbra-nos a un triángulo, por iso imos usar esta figura xeométrica para facer as seguintes actividades. Deseñamos un triángulo moi grande (colocarémolo nunha parede da aula), repartido en varios "andares", a punta do triángulo (a punta do iceberg) corresponderá coa violencia contra as mulleres máis visíbel e a base a menos visíbel.



**C.** Diseñado o triángulo e consensuado o tipo de violencia exercida contra as mulleres que se colocará en cada andar (podemos simbolizar), tentaremos colocar cada un destes titulares de noticia razoadamente:

A policía busca ao violador dunha nena en Málaga

Nena de sexto de Primaria obrigada por un grupo de compañeiros a ensinarlles as bragas

Pedro sae con Ruth e contrólalle a roupa que viste. Non quere que poña saias curtas nen escotes

Pelexa por insultar e chamar marica a un neno que fai ballet.

Moza madrileña denuncia á súa parella

El aneazábaa con matala ou deixala inválida

Ana deixou de saír co seu mozo e este adicouse a falar mal dela, contando cousas íntimas a todos os rapaces da súa clase.

26

**d.** Recollemos na prensa e en internet os casos de violencia contra as mulleres que vaian xurdindo. Imos colocando cada día unha noticia no "andar" correspondente do triángulo.

Comentamos a noticia e observamos similitudes e diferenzas coas xa colocadas.

**e.** Analizamos: onde temos o maior número de noticias colocadas e razoamos por que non haberá tantas noutros "andares" do triángulo, quen son as persoas que agriden e quen son as persoas agredidas, que relación teñen agredidas e agresores, ... Tiramos conclusións.

**f.** Comparamos os resultados da análise do noso triángulo coa frase:


**A maioría da violencia contra as mulleres non é visíbel, a que aparece nos xornais é só unha pequena mostra da realidade.**

**g.** Anotamos a carón do triángulo a frase anterior despois de modificala coas achegas do grupo.

**i.** Proposta de conclusión para este traballo:

Aínda que parece que hai máis violencia que antes, a realidade é que grazas ás denuncias, a presión social dos movementos de mulleres, as leis..., cada vez hai menos tolerancia na sociedade cara a estes feitos. A sensibilidade social está en aumento.

Redactade unha conclusión positiva para este traballo.



## Información que debemos coñecer como punto de partida:

*Á sociedade resúltalle moi duro recoñecer a existencia de tanta inxustiza contra a muller, tanta violencia, e precisa buscar excusas. Son defensas que se basean en:*

*1. Xustificar a acción do agresor en enfermidades ou rarezas de carácter: alcoholismo, drogadición, ciúmes, enfermidade mental, delincuencia*

*2. Culpabilizar a vítima: perdoouno varias veces, é masoquista, é unha coitada, é inculta, fixo algo para provocalo,...*

*3. Culpar o contexto sociocultural de vítima e agresor: espazos de marxinação, xente de barriada, xente de orixe humilde, xente doutras culturas,...*

*4. Dar ao acto violento unha auréola de romanticismo: un arrebatado de ciúmes, un problema de convivencia, a desesperación, ...*

*Mais a realidade é que estas explicacións non son certas:*


- *Hai moitos agresores que non responden a este estereotipo*
- *As vítimas non responden a esas características e aínda que así fose nada xustificaría as agresións*
- *É certo que hai contextos que xeran máis violencia, mais a violencia de xénero é bastante universal e non se relaciona de ningún xeito coa incultura, a pobreza,...*

*Estas excusas instáuranse de tal modo que aumentan a tolerancia cara o maltrato contra as mulleres. Algúns estudos realizados en centros educativos revelaron que a tolerancia de ambos sexos á violencia de xénero está xa establecida no ensino secundario. Identificáronse unha serie de mitos, estes son algúns:*

- *Se ocorreu só unha vez, non ocorrerá máis (A violencia doméstica é continuada, non ocorre ocasionalmente. Xeralmente aparece máis veces e até con maior agresividade.)*
- *Só certo tipo de homes abusan das súas parellas. (Non existe un tipo concreto de agresor contra as mulleres).*
- *Os homes que maltratan son enfermos mentais. (Non existe relación causa-efecto entre enfermidade mental e violencia doméstica)*
- *A violencia contra as mulleres é causada por drogas e alcohol. (Un gran número de agresores atacan cando están sobrios).*
- *Se fose tan violento, ela teríao denunciado. (Máis do 46% das mulleres non denuncian a violencia que sofren por medo, precisan protección.)*
- *A violación ocorre a mans de estraños. (O 83% das mulleres son violadas por alguén a quen coñecen e en quen confían)*
- *A muller estaba borracha/drogada/facía dedo/vestía provocativa e sensual/ seduciuno/quería marcha. (Esta é unha excusa máis para xustificar a violación)*
- *As nenas corren perigo só con estraños. (O 82% dos abusadores son coñecidos pola súa vítima e até familiares).*

## Máis información que debemos coñecer:

*A maioría das persoas teñen integrada a tolerancia cara a violencia exercida contra as mulleres. Nenas e nenos son socializados nunha sociedade que manexa mitos que van contribuír a que desenvolvan roles diferenciados (submisión- supremacía)*



a. Recoller noticias de xornal, televisión, internet,... sobre violencia de xénero

b. Aparece na clase un mural "MITOS DA VIOLENCIA" no que se recollen algúns mitos e unha caixa cunha serie de recortes e un sobre:

## MITOS DA VIOLENCIA

- Se o maltrato ocorreu unha vez, non ocorrerá máis.
- Só certo tipo de homes maltratan as súas parellas.
- Os homes que maltratan as mulleres son enfermos mentais.
- A violencia contra as mulleres é causada por drogas e alcohol
- Se el fose tan violento, ela teríao denunciado.
- A violación ocorre a mans de estraños
- A muller estaba borracha/drogada/facía dedo/vestía provocativa e sensual/seduciuño/quería marcha e por iso pasou
- As nenás corren perigo só con estraños.

28 c. Comentamos o cartel-mural tentamos averiguar que quere dicir.

d. Abrimos a caixa de recortes e lémoslos:

Comentamos entre toda a clase que queren dicir

Un gran número de agresores atacan cando están sobrios, non é verdade que só agreden alcohólicos, nin é certo que tódolos alcohólicos sexan violentos.

Os homes violentos pegan porque queren mandar nas mulleres, non porque estean borrachos ou ciumentos.

O 82% dos abusadores de nenás son coñecidos pola nena e pola súa familia. Moitas veces son familiares.

A violencia exercida contra as mulleres acostuma a non ser puntual. É continuada, non ocorre ocasionalmente. Xeralmente aparece máis veces e até con maior agresividade. quen maltratou unha vez fará máis veces e máis forte.

Non sempre que hai un enfermo mental, hai un caso de violencia contra as mulleres. Tampouco é certo que en todos os casos de violencia de xénero o agresor sexa un enfermo mental.

A maioría das violacións (o 83%) a mulleres son realizadas por homes coñecidos e nos que confían.

Moitas mulleres maltratadas (máis dun 46%) non denuncian a violencia por medo ás consecuencias (por medo a que lle fagan dano a elas ou ás fillas e fillos), por problemas de dependencia,...

A porcentaxe de casos nos que as mulleres estaban borrachas, drogadas,... cando foron maltratadas é moi pequena. Esta acostuma ser unha escusa que usan os homes para xustificar a violación. Nada pode xustificar unha agresión destas características. Non hai ningún que desexa que a violenten. Non culpeamos á vítima

e. Abrimos o sobre.

Nel están as seguintes instrucións:



1. Facede 8 grupos na clase.
2. Cada grupo collerá ao chou un dos recortes
3. Decidirán consensuadamente con que mito dos do mural se relaciona
4. Cando todos os grupos teñan a decisión, quen dirixa o xogo mandará colocalos a carón do mito.
5. En gran grupo leranse, comentarase e decidirase a corrección da colocación, facendo tantas modificacións como se precise.

f. O grupo realizará un mural, como conclusión desta parte do traballo, co título:

## NON Á VIOLENCIA. NADA A XUSTIFICA.

g. Clasificar as noticias recollidas no apartado a), indicar posibles excusas ao maltrato ás mulleres que nelas aparezan, subliñalas e debater en gran grupo. Relacionalas cos mitos que cumbran.

h. Relacionar tamén con eses mitos estas noticias:

### Ingresa nun centro de saúde unha muller por feridas de coitelo.

As veciñas e os veciños escoitaron unha forte discusión entre a parella, ao parecer iniciada pola muller...

### Novena vítima de violencia doméstica no que vai de ano

Durante a autopsia revelouose que a brutal malleira que recibiu foi a causa da morte, foi a última pero non a primeira. Foran varios anos de insultos, ameazas, humillacións, prohibicións... Todo parece indicar que o que ao comezo só era violencia de tipo verbal foi dando paso a unha conduta cada vez máis agresiva...

### Muller ecuatoriana morta a mans da súa parella

Fontes próximas á familia din que el chegou borracho como cada noite e matou a súa muller que durmía nun cuarto do fondo da casa...

### A avogada defensora dun maltratador increpada á saída do xulgado.

M. L. Avogada de C.L., foi increpada por un grupo de persoas á saída dos xulgados despois de presentar as conclusións, nas que dicía que o delicto do seu defendido tiña atenuante por estar en estado de depresión dende había uns anos.

### Enxeñeiro ciumento atropela a súa parella

Sobre as dúas da tarde cando Ana saía do seu traballo, o seu home atropelouna. Comenta a familia que estaba ciumento e un pouco deprimido por temas relacionados co seu traballo...

# ✧ unha viaxe polo espazo

Información que debemos coñecer como punto de partida:



As nenas e os nenos deben saber cales son os dereitos que lles asisten para poder enfrontarse á violencia, eses dereitos son:


- A buscar axuda
- A contalo, cando sexan vítimas de violencia, maltrato ou abusos.
- A dicir NON, cando algo non lles agrada, a correr, a berrar pedindo axuda.
- A levar unha vida digna, sen que ninguén poida humillarnos.
- A non sufrir agresións
- A ser libres para expresar as súas emocións
- A que ninguén os/as insulte
- A ter protección
- A non ser culpada ou culpado por recibir unha agresión, a culpa tena quen agride.

As nenas e os nenos deben saber que ninguén pode:

- Agredir outras persoas, nin física, nin psicolóxicamente baixo ningún concepto.
- Ameazar outra persoa para conseguir que faga algo que lle apeteza.
- Forzar a ninguén a facer algo que non queira ou non lle guste
- Tocarse o corpo doutra persoa se non quere.

2. O alumnado recibe unha maletina, unha carta e unha representación dun lugar do espazo:







- Ninguén ten dereito a tocar o corpo doutra persoa se esta non quere.
- Ninguén ten dereito a forzar a ninguén
- Ninguén pode ameazar outra persoa para conseguir algo
- Todas as persoas teñen dereito a non ser culpadas por ser agredidas, é culpábel quen agride
- Ninguén ten dereito a agredir outras persoas
- Todas as persoas teñen dereito á protección
- Todas as persoas teñen dereito a que ninguén as insulte
- Todas as persoas teñen dereito a expresar as súas emocións
- Todas as persoas teñen dereito a non sufrir agresións
- Todas as persoas teñen dereito a vestir como lles guste
- Todas as persoas teñen dereito a dicir non
- calquera persoa ten dereito a buscar axuda
- Todas as persoas teñen dereito a buscar axuda
- Todas as persoas que sufran violencia, teñen dereito a contalo

**b.** Un día chega parte do diario de bitácora. Lemos a primeira páxina:

A folla do diario queda interrompida, mais como temos a maleta imos buscar o que precisamos. (O alumnado deberá atopar o recorte ou recortes que solucionen o problema)





**d.** Por fin chega á aula a 3ª páxina do diario:

A follas do diario de novo non está completa e non hai solución. (O alumnado deberá atopar o recorte/recortes que solucione o problema e explicalo)

**e.** Unha páxina máis aparece na clase


A follas do diario quedou sen rematar, esta vez porque a nave debeu caer de veras. Debemos pescudar onde están as astronautas e atopar solución ao problema da nena, a maleta témola nós e seguro que as tres astronautas aínda non resolveron o caso.

(O alumnado deberá atopar o recorte/recortes que solucione o problema e explicalo)

**c.** Chega outra páxina incompleta que leremos e comentaremos:

A follas do diario queda interrompida unha vez máis, así que teremos que buscar na maleta a solución. (O alumnado deberá atopar o recorte/ recortes que solucione o problema e explicalo)

-Coñeces historias similares a estas que sucedan no teu cole? Narrádeas como se ocorresen nun dos planetas visitados polas astronautas e mirade se atopades solución na maleta.



32



**f.** Ler o resto das solucións que están na maleta e indicar casos que se poderían solucionar tendo en conta o que din.

**g.** Recoller máis casos e estudalos.





# ✂ denuncia, non cales. cóntallo a alguén

## COMO ACTUAR ANTE UNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA:

- Denunciar os feitos. Pedir axuda, a axuda pode vir da escola, da familia e de organismos externos. As persoas adultas están para axudar. Poden usarse medios diferentes: unha conversa, unha carta, unha mensaxe por correo electrónico,...
- Non sentirse culpábeis por sufrir violencia ou acoso, culpábeis son as persoas que agriden. Non hai motivos que xustifiquen sufrir unha situación tan inxusta. Tampouco hai que resolver o problema soa.
- Dicer NON se algo non gusta ou apetece, correr, berrar para que alguén axude, e sobre todo contalo.
- Contar o ocorrido se se quere solucionar, non é doado detectar o problema se non se conta, mantelo en silencio só favorece á persoa que comete agresión.
- Non gardar segredos que non son bos e correctos. Non temos, por exemplo, porque gardar en segredo un bico, unha aperta ou unha caricia que non queremos
- Non ter medo a ser cualificadas ou cualificados de medrosas, choricás, provocadoras,... eses cualificativos son excusas en mans de quen maltrata para seguir maltratando, hai que aprender a contar aquilo que nos dana e a buscar axuda.
- Ofrecer protección cando vexamos que alguén: de clase, veciñanza, amizades... sofre violencia. Animar a que conte o que lle pasa ou contalo nós por esa persoa. Se observamos violencia e non facemos nada, significará que quen intimida se vai crecer máis e vai aumentar o número de agresións, se non se fai algo, quen agride pode pensar que aprobamos o que fai ou que ningún se enteira. Non podemos permitir que as agresións queden impune, por iso...

“Non cales, denuncia, axuda. Faino ti por quen non pode”

- a. Facer aparecer este cartel na aula
- b. Comentar co alumnado estas fórmulas de actuación, exemplificar se cómpre.
- c. Facer un folleto individual de 8 páxinas co contido do cartel (1. portada co título: *Non cales...*, 2. Denunciar os feitos, 3. Non sentirse culpábeis,...) e as ilustracións correspondentes
- d. Facer chegar ás familias este folleto. Pedir ao alumnado que o comente con ela. (Solicitar ás familias que comenten os procedementos de actuación e que poidan intervir dende a casa).

# ✂ ninguén ten dereito a...

- a. Debuxar entre todas e todos estas escenas entre nenas e nenos:

-Tirar dos pelos  
-Levantar a saia  
-Empurrar  
-Dar patadas

-Dar unha labazada  
-Insultar  
-Ameazar con pegar  
-Mirar nos vestiarios e duchas

-Ocupar todo o campo do patio  
-Non deixar xogar á corda  
-Burlarse de como viste

- b. Poñer máis exemplos de violencia que se lle ocorra ao alumnado e que os debuxe.
- c. Clasificar segundo sexan ou non violencia de xénero.
- d. Escribir en cartonciños como se senten en cada caso. Consensuar respostas
- e. Xogo: Cada ovella coa súa parella: repartir entre o alumnado os debuxos e os cartonciños, cada un só terá unha das cousas, a unha indicación deberán formar parellas tendo en conta a relación.
- f. Facer un mural de dúas columnas:

### violencia física

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

### violencia psicolóxica

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

- g. Colocar os debuxos en cada columna segundo corresponda e razoar a clasificación.
- h. Comentar o dereito ou dereitos que vulneran cada exemplo de violencia do mural.
- i. Reescribir o contido do mural nun adhesivo co lema: Ninguén terá xamais dereito a...

Ninguén terá xamais dereito a...

## rematando historias

- a. Repartir entre o alumnado as seguintes historias:



### Lois e Antía

A escola estaba alborotada. Lois e Antía tiveran no recreo unha forte discusión.  
 É por iso que a clase debía reunirse en asemblea para solucionar o conflito..  
 Comezou Lois case sen agardar a súa quenda:  
 - Antía non tiña.... non tiña.... que ter entrado no campo de fútbol a xogar.  
 -E por que non?  
 - Por que é unha nena e as nenas non xogan neste sitio do patio., por iso a empurrei e tireille da melena  
 " ...

## Munia e Pep

Hai moito tempo que en Lasilandia non ocorría nada como aquilo. Ninguén sabía como actuar e decidiron acudir á raíña do reino. Cando entraban pola porta do pazo pensaban que non podían consentir nada similar, mais... como amañalo?

Cando Munia se atopou ante a raíña case nin saudou, comezou atropeladamente a falar:

- Como se vai consentir que Pep ande polo reino asubiando a todas as mulleres e dicindo o que lle peta sobre o seu cabelo, as súas coxas,...?

- Que é o que díf?- preguntou a raíña interesada

- Di: "tes unhas coxas como uns bocois", "mellor estropallo que o teu cabelo", "estás máis boa que un pastelíño",...



## Monchidrón



Nestes últimos días na escola de Monchidrón veñen pasando uns feitos moi raros. Ninguén sabe como pasa, mais pasa.

Un día aparecen nos ordenadores da aula de informática fotos dalgunha nena do colexio na ducha.


Ninguén se explica como tiran as fotos, como as poñen nos ordenadores da aula,... pero o máis misterioso é quen o fai.

Outro día nalgúns cadernos apareceron insultos.

Non hai nin pegada destas accións.

As investigacións da xente adulta do centro apuntaban a unha panda de nenos dos últimos cursos.

- b.** Lelas e comentalas en gran grupo. Contar como se sentirían en cada caso.
- c.** Escoller entre varias ilustracións (8 ou 9) as que se relacionan mellor con cada historia.
- d.** Comentar o tipo de violencia presente (física, verbal, sexual).
- e.** Repartirse en grupos pequenos e acabar as historias dándolles unha solución axeitada despois de consensuar propostas.
- f.** Reflexionar sobre outras solucións alternativas.
- g.** Ilustrar cada historia.



# instrumentos de observación da práctica diaria

(Fonte: "Coeducar na Educación Infantil". Abad e Agullar, Xerais)

Para realizar unha intervención coeducativa efectiva é imprescindible elaborar un plano de observación que recolla distintos aspectos da nosa práctica diaria.

## 1. A nivel de aula e da nosa práctica.

- Cartaces das paredes da aula ou dos corredores

número de nenas	que fan	número de nenas	que fan
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

36

- Relacións co alumnado

- Observar a participación espontánea de nenas e nenos na clase. Cuantificar estas observacións durante tres días.

	que fan	número de nenas
Pedir axuda	_____	_____
Protestar	_____	_____
Manifestarse	_____	_____
Chamar a atención	_____	_____

- Analizar tres conflitos xurdidos na aula en que houbera agresións verbais, físicas ou as dúas. Eran nenos os protagonistas?. Eran nenas?. Era unha nena e un neno?. Tirar conclusións.

- Reflexión sobre a propia práctica.

Nesta análise sería importante que fora unha persoa externa a que observara a nosa actuación ou ben rexistrar as nosas intervencións nunha cinta de audio.

Elementos a analizar:

- As veces que poñemos exemplos con protagonistas masculinos ou femininos.
- Ver se sempre utilizamos o masculino xenérico.
- Se usamos máis diminutivos para dirixirnos ás nenas.
- Se o ton de voz usado é diferente cando falamos a unhas e a outros.

- Se temos as mesmas expectativas para nenos e nenas.
- Se estimulamos por igual a nenos e nenas.

Tamén sería interesante reflexionar sobre o nivel de esixencias para nenos e nenas con respecto á limpeza e a orde e se nas recompensas ou reprimendas tratamos por igual aos dous sexos.

## 2. Ficha de observación dos materiais de aula: libros, contos...

Título: \_\_\_\_\_

Autor/a: \_\_\_\_\_

Editorial-ano: \_\_\_\_\_

Tipo de texto: \_\_\_\_\_

Nivel: \_\_\_\_\_

Análise de roles: \_\_\_\_\_

Número de protagonistas masculinos....: \_\_\_\_\_

Número de protagonistas femininos....: \_\_\_\_\_

Actividades que se citan ou ilustran para: \_\_\_\_\_

mulleres-nenas	homes-nenos
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

Participan todos os membros da familia nas tarefas da casa? \_\_\_\_\_

Aparecen as nais nos traballos non domésticos? \_\_\_\_\_

E os pais en tarefas de participación e servizo aos demais? \_\_\_\_\_

Hai algunha familia cun só proxenitor? \_\_\_\_\_

Hai familia sen descendencia? \_\_\_\_\_

Hai criaturas coidadas por empregadas do fogar ou en escolas infantís? \_\_\_\_\_

As ocupacións das mulleres fóra da casa son as tipicamente "femininas"? E das masculinas? \_\_\_\_\_

Cal é o seu vestuario? \_\_\_\_\_

E as características psicolóxicas das masculinas? E das personaxes femininas? \_\_\_\_\_

Cal e a súa personalidade, que emocións manifestan? Que intereses, aspiracións...? \_\_\_\_\_

**ANÁLISE LINGÜÍSTICA**

mulleres-nenas	homes-nenos
Cantas veces se menciona no texto _____	_____
Cantas ilustracións aparecen de cada sexo? _____	_____
Número de veces que hai no título nomes de--- _____	_____

Utilízanse substantivos masculinos xeneralizadores ou a palabra "home" para varóns e mulleres? \_\_\_\_\_

Adxectivos que se usan para expresar a personalidade. \_\_\_\_\_

nenas	nenos
_____	_____
_____	_____

### 3.Observación nos recantos de xogo simbólico

Nos recantos de xogo, a casaña, a tenda, o garaxe, as construcións... será de interese observar:

- Quen ocupa máis espazo no momento do xogo?

Tarefas que fan na casaña:

	nenas	nenos
A comida		
Poñer a mesa		
Ir mercar		
Acariña bonecas		
Amañar os berces		

Tarefas que fan na casaña:


	nenas	nenos
Nai		
Pai		
Filla-o		
Outros		

- Recollen por igual ao rematar o xogo?

### 4.Observacións no patio de xogos.

Da observación do xogo libre poderemos concluir sobre se debemos intervir de cara ao reparto máis equilibrado do espazo, así como tentar que os xogos de patio non sexan tan estereotipados como acostuman (nenos fútbol, nenas cordas...). Do mesmo xeito, poderemos observar:

- Algunhas nenas ou nenos prefiren quedar na aula durante o recreo?
- Quen ocupa máis espazo no patio?
- Quen ocupa o centro?
- E as esquinas?
- Quen organiza os xogos?
- Tipos de xogos dos nenos: movemento, tranquilos..
- Tipos de xogos das nenas...
- Son máis estruturados os xogos dos nenos ou das r
- Xogan xuntos nenos e nenas?
- Neses grupos mixtos a maioría son...



# materiais comentados

## Resolución de conflictos y aprendizaxe emocional.

Escrito por **Genoveva Sastre e Montserrat Moreno**. Editorial **Gedisa**.

Libro para infantil, primaria e secundaria con grande cantidade de propostas para traballar os sentimentos, a educación emocional e a resolución pacífica de conflitos dende un enfoque de xénero.

## Género y educación. La escuela coeducativa.

Diferentes autoras. Editorial **Graó**.

Libro para infantil, primaria e secundaria con propostas prácticas de igualdade levadas a cabo nas aulas. Tamén achega reflexións sobre a coeducación.

## Non fagas trato co maltrato.

Editado pola **Consellería de Educación. Xunta de Galicia**.

Folleto para o segundo e terceiro ciclo de primaria que sensibiliza contra o maltrato entre iguais. Explica que é, como recoñecelo, protexerse contra el e denuncialo. Forma parte dunha triloxía na que hai materiais tamén para o profesorado e para as familias.

## Coeducar na educación infantil.

Escrito por **Lúsa Abad e Maribel Aguilar**, editado por **Xerais**.

Libro para educación infantil con propostas tamén aproveitábeis no primeiro ciclo de primaria. Fai unha reflexión sobre o que é coeducar e aporta unha chea de instrumentos de observación da práctica de aula. Tamén fai propostas de actuación.

## Anén-onén: xogando en igualdade na escola infantil.

Escrita por **María Lúsa Abad**. Editada polo **Concello de Vigo**.

Unidade que forma parte da colección "De igual a igual" que se centra nos xogos e xoguetes. Ten unha guía de observación, distingue cando o uso dun xoguete é sexista, fai propostas de xogo igualitario e de estratexias para actuación nos conflitos, de deseño de espazos de xogo... Outros números desta colección axeitados para primaria teñen que ver co corpo e co traballo doméstico.

## Educar para a igualdade a través da literatura infantil.

Escrito por **Pilar Bar, Josefa Lago e outras**, editado por **Lea**.

Esta é unha mostra dalgúns dos traballos realizados para introducir aspectos transversais do currículo na práctica diaria da aula.

## Quen o fai?

(Materiais para a coeducación. **Colectivo Infesta**), editado por **Sotelo Blanco**.

Material didáctico que permite aproveitar as expresións espontáneas do alumnado en todo o que se refire á identidade e diferenciación sexual. A isto cómpre engadir as posibilidades que ofrece para a integración dos contidos transversais, de grande importancia nun momento especialmente significativo para a constitución da identidade e da autonomía persoal.

Composto por 3 libros móbiles, 3 barallas e 3 crebacabezas:

**Quen o fai?- as tarefas da casa/crebacabezas e baralla**

**Quen o fai?- as tarefas da casa/libro móbil**

**Quen o fai?- xogando na escola/crebacabezas e baralla**

## Los hombres no pegan.

Escrito por **Beatriz Moncó**. Edicións **Bellaterra**. 2005.

Libro que tenta achegarse ao tema da violencia familiar e de xénero de xeito integral (sentimentos, estereotipos, fórmulas de axuda,...) para as nenas e os nenos de primaria e infantil. Permite traballar os sentimentos das nenas e dos nenos que sofren o maltrato de xénero, así como as condutas, sentimentos,... da muller maltratada. Ofrece a visión da masculinidade mal entendida e das estruturas que fan posíbel que este tipo de maltrato exista. Libro moi interesante para dar unha visión global do problema e para realizar un posterior debate en aula.

## Un bicho raro.

Escrito por **Paz Rodero e José Morán**. Editorial **EdeIvives**.

Libro que tenta abordar o tema da diferenza dun xeito narrativo. Pode servir de introdución para falar sobre a igualdade e a diferenza entre as persoas e facer despois fincapé na discriminación de xénero.

## Nin un biquiño á forza.

Escrito por **Marlon Mebes**. Editado pola **Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado**

Libro que permite abordar co alumnado pequeno o dereito a dicir inon!. Axudarlle a loitar contra a crenza de que as persoas maio-

res teñen dereitos sobre os seus corpos, para favorecer a protección ante os abusos sexuais. É unha fórmula introdutoria de desenvolvemento nas nenas da conciencia de que o seu corpo lles pertence e que ninguén pode danalo, ensinando a dicir NON como estratexias de autodefensa.

### **A Ciruxía.**

**Escrito por Azucena Arias. Editado por Ir Indo.**

Historia en verso dunha galiña que se adica a curar aos animais do seu contorno...

### **Me gusto.**

**Escrito por Jamie Lee Curtis. Edicións Serres.**

Libro para traballar co alumnado de infantil e primaria algúns aspectos da autoestima a través dunha nena e dun neno protagonista que van falando de si e comentando o que lles gusta de como son. Poderíase despois na aula facer libríños paralelos nos que cadaquén fose protagonista co título: "Eu gústome".

### **Meu pai é ama de casa.**

**Escrito por Silvia Ugidos. Editorial Galaxia.**

Libro que ofrece unha visión alternativa ao estereotipo masculino e á concentración do traballo doméstico na muller. Pode servir de introdución para levar á aula o debate sobre o traballo doméstico ou como alternativa a lecturas máis tradicionais.

### **Mercedes quere ser bomberera.**

**Escrito por Beatriz Moncó. Edicións Bellaterra.**

Libro que permite observar como se foron construíndo estereotipos e reflexionar sobre como se naturalizaron as diferenzas culturais de homes e mulleres. É adecuado para alumnado de infantil e primaria e tamén para persoas adultas que aínda non teñan aprendido a ver os mecanismos de transmisión de estereotipos. Pode dar pé a longos comentarios e debates na aula e mesmo permitir observacións na casa e na escola con axuda dun pequeno cuestionario.

### **Marita y las mujeres en la calle.**

**Escrito por Dolores Jullano. Edicións Bellaterra.**

Libro que aborda cunha linguaxe clara e accesíbel o tema da prostitución. Permite introducir todo un traballo sobre o comercio sexual, que máis tarde se podería complementar coas noticias de prensa sobre o tema.

40

### **Parella guai, dos contos da Rata Luísa.**

**Escrito por Mon Daporta, editado por A Nosa Terra.**

Aínda que todos os contos da Rata Luísa son apropiados para os máis pequenos, Parella guai é recomendado para traballar o tema da coeducación e a corresponsabilidade no reparto de tarefas doméstica.

### **Memoria para Xoana.**

**Escrito por Marica Campo. Editado por Espiral Maior.**

Novela curta na que unha muller embarazada lle vai contando á súa filla a historia das mulleres da familia, todas elas singulares. A narradora pensa que vivir, é encherse de memoria e así llo quere transmitir á súa filla.

### **Sal e Azucre.**

**Escrito por Iván Prieto. Editorial OQO.**

A través da metáfora do sal e azucre, constrúese unha historia que recrea de xeito simbólico sentimentos e ambientes difíciles de tratar: diferenzas de carácter, dificultades na relación de parella, dor da separación, comprensión, necesidade de afecto...

### **Vanessa non quere ser princesa.**

**Escrito por Xosé Antonio Perozo. Editorial Sotelo Blanco.**

Cóntanos a historia dunha nena: Vanesa. cando naceu, a súa nai chamou ás fadas para pedirles un desexo: quería que Vanesa fose unha fermosa princesa; pero unha fada vella apareceu pola cheminea e dixo que sería o que quixese ser. Escrita con sensibilidade e tenrura; a expresividade e tratamento que lle dan as ilustracións de Xaime Asensi axudan a darlle vida a Vanesa neste libro no que a protagonista quere ser moitas cousas, menos princesa.

### **A verdadeira historia de Carapuchiña.**

**Escrito por Almodóvar e Taeger. Editorial Kalandranka.**

Detalles que até agora pasaran desapercibidos sobre a vida cotiá de carapuchiña -a súa torpeza para a costura, a súa fama de gulosa, a súa curiosidade extrema- saen á luz nesta obra de Almodóvar, onde desentraña escrupulosamente o plan do malvado animal para devorar a unha carapuchiña que se describe como unha pequena inocente e medorenta á vez, aínda que habilmente astuta ao final do conto. A apaixonante dedicación de A. R. Almodóvar a profundar nas numerosas versións que circulan por todo o mundo sobre as peripecias de Carapuchiña queda plasmada nesta verdadeira historia, con personaxes tan transcendentais para un desenlace feliz como o gato da avoa.

### **Unha mancha de bicos.**

**Escrito por María Antonia Ródenas e Carme Solé Vendrell. Edicións Xerais.**

Unha mancha de bicos é un álbum de Antonia Rodenas, ilustrado por Carme Solé, que aborda os conflitos e as relacións interpersonais entre as criaturas nos seus primeiros anos de escolarización. A amizade e os sentimentos son os eixos temáticos deste libro destinado a nenos e nenas de catro anos en diante.



## Búscase mozo principesco.

Escrito por Blanca Álvarez González e Ricardo Fernández Sabin, edita Rodeira-Edebé.

Había unha vez un reino fermosísimo e case feliz, aínda que ninguén comía perdices, porque naquel reino o prato nacional eran as troitas. Tiñan un rei, unha raíña e unha princesa... pero sorprendentemente, aquela princesa non quería cumprir o seu papel de protagonista de conto de fadas. E así comezaron os problemas!

## Chocolata.

Escrito por Marisa Núñez e Helga Bansch. Edita OQO.

Un relato sobre as ilusións, os desexos, a amizade, a importancia da experiencia e o valor do que temos moi perto.

## É rara Makeke?

Escrito por Magda Soldado e Jacobo Muñiz. Edicións Baía.

Relato da escritora cordobesa Magda Soldado, ilustrado polo recoñecido ilustrador eumés Jacobo Muñiz, no que unha formiga chamada Makeke vive feliz coas súas compañeiras no deserto, pero un día de treboada, por efecto do vento, é transportada a un lugar moi afastado onde sofre a discriminación e o desprezo dos seus habitantes

## Eu non son loira, e que?

Escrito por Kirmen Uribe e Mikel Valverde. Edita Galaxia.

En *Eu non son loira, e que?*, Kirmen Uribe aborda a historia dunha nena árabe que desexa ser loira para ser igual coas outras nenas cando a súa familia ten que emigrar dun país árabe a Europa. O conto, escrito con grande orixinalidade, acaba sacando partido ás diferenzas culturais, que son as que han facer que a protagonista consiga ser aceptada polos compañeiros e compañeiras de colexio como unha máis. Precisamente por ser distinta, Amira acaba integrándose nun país que non é o seu. O libro é un canto á diferenza.

## Raúl.

Escrito por Helena Villar Janeiro. Edita Galaxia.

Raúl é un rapaz moi bo. Todos o queren. A nai, o pai e os avós pensan que é o mellor neno do mundo, pero non se decatan de que Raúl ten un grave problema. E é que Raúl non sabe dicir que non. Non sabe dicir que non no momento axeitado, e pode pór a calquera en serios apuros.

## Se eu fose moi delgado.

Escrito por Antonio Mota. Editorial Kalandraka.

Se *eu fose moi delgado*, que foi galardoado co grande premio Gulbekian de literatura para nenos na modalidade de libro ilustrado, invita as/os lectores a adentrarse nun mundo de fantasía e fenómenos imposíbeis, converténdose nun estímulo idóneo para a súa imaxinación. Por outra banda, esta obra ten un dobre significado, xa que contribúe á aceptación das diferenzas entre persoas: delgadas, baixas, con nariz chato ou orellas grandes... dende o punto de vista literario, o autor preséntanos un texto con tintes poéticos no que cada frase parte dunha hipótese que se leva até os confíns da realidade, para facernos chegar á conclusión de que a imaxinación é tan ilimitada coma o son os soños.

# material audiovisual

## "Tengo un problema"

Película de debuxos animados canadiana na que unha nena conta que é vítima dun acoso sexual por parte dun familiar...

## "El sueño imposible"

Película de debuxos animados que presenta como se reparten as tarefas domésticas respondendo ao esquema tradicional. Permite evidenciar responsabilidades no traballo doméstico. Pódense planear distintas actividades despois do seu visionado.

## "As fillas de Mohamed"

Película de Silvia Munt, dobrada ao galego. A muller de Mohamed cae nunha depresión porque el se nega a coñecer á súa cuarta filla. Bótalle a culpa de parir só nenas e non acode ao hospital. Intervén a xinecóloga que a asistiu no parto...

## "Billy Elliot"

Película de Stephen Daldry na que un neno que quere ser bailarín ten que sufrir a incompreensión do mundo que o rodea...

## Mulán

Película de debuxos animados. É unha aventura chea de emoción e acción. Mulán é unha moza a quen non lle gusta estar sometida aos roles tradicionais da sociedade na que vive. Disfrazada de home, decide substituír ao seu pai que é chamado a defender ao pobo chinés contra a invasión dos Unos.

## Vídeos do Instituto de la Mujer:

- "Decide tus juguetes"
- "La elección de los juguetes"
- "Del rosa al azul"
- "Identidad individual y coeducación"
- "La mujer en la publicidad I e II"



# teléfonos de interese

## Centro de Información e Asesoramento á Muller

Avda. Glasgow, 10  
15008 - A Coruña  
Teléfonos: 981 282 024 - 981 282 044  
[centro24h.igualdade@xunta.es](mailto:centro24h.igualdade@xunta.es)

## Centro de Información e Asesoramento á Muller

Calexón da rúa San Marcos s/n  
27001 Lugo  
Teléfonos: 982 250 021  
[ciamigualdadelugo@yahoo.es](mailto:ciamigualdadelugo@yahoo.es)

## Centro Quérote de Asesoramento afectivo sexual para a mocidade

Praza do Matadoiro s/n  
15703 Santiago de Compostela  
A Coruña  
902 141 617  
[info@querote.org](mailto:info@querote.org)

## Teléfono do Menor

900 444 222

## Teléfono da Muller

900 400 273

Atención á violencia de xénero: 900 222100

Asociación asistencia mulleres violadas: 915 740 110

Comisión Investigación malos tratos: 900 100 009

Emerxencias: 112

Instituto muller: 900 191 010

Servizo Galego de Igualdade: 981 545 366





# bibliografía

AMIGO e ZAITEGUI, ( 1995), *Trabajando en la prevención del maltrato*. Instituto Andaluz de la Mujer. Junta de Andalucía, Sevilla.

ARENAS FERNÁNDEZ, M<sup>a</sup> G.(1996), *Triunfantes perdedoras. Investigación sobre la vida de las niñas en la escuela*, Servicio de publicaciones de la Universidad de Málaga.

ASKEW e ROSS (1991), *Los chicos no lloran. El sexismo en la educación* Barcelona, Paidós.

BARRAGÁN F. (coord ) (2001), *Violencia de género y currículo*, Ed. Aljibe, Málaga.

BONAL e TOMÉ, *La violencia escolar. En Metodología y recursos de Intervención*. Cuadernos de Pedagogía nº 245.

BROWNE e FRANCE (1988).*Hacia una educación infantil no sexista*, ed. Morata, Madrid.

BRULLET e SUBIRATS (1988), *Rosa y azul. La transmisión de los géneros en la escuela mixta* Instituto de la Mujer, Madrid.

DEFENSOR DEL PUEBLO (1998). *Informe ,estudio y documento: sobre la violencia doméstica contra las mujeres*, Madrid.

HERNÁNDEZ MORALES, G. (2003) *Educación para previr la violencia de género. Guía para el profesorado de educación infantil e primaria*. Xunta de Galicia, Santiago.

LIENAS, GEMMA (2006) *El diario azul de Carlota*, ed. El Aleph. 2006

MIRANDA, MJ. *La violencia contra las mujeres y las niñas*, Jornadas La violencia contra las mujeres un problema social de CCOO, Robregordo.

MORENO, MONTSERRAT, (1993) *Cómo se enseña a ser niña. El sexismo en la escuela*, ed. Icaria, Barcelona.

NUEZ DEL ROSARIO, L. (2003) *No te lles con los chicos malos. Guía no sexista dirigida a chicas*. Comisión para la Investigación de los Malos Tratos a Mujeres, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Madrid.

FABRÁ, M. LI. (1996) *Ni resignadas ni sumisas . Técnicas de grupo para la socialización asertiva de niñas y chicas*, Universidad Autónoma de Barcelona. Instituto de Ciencias de la Educación, Barcelona.

ROJAS MARCOS, L. (1995). *Las semillas de la violencia*, ed. Espasa Calpe, Madrid.

TURÍN, A. (1995) *Los cuentos siguen contando. Algunas reflexiones sobre los estereotipos*, ed. Horas y Horas, Madrid.

ORTEGA, R. e outros, (1998) *La Convivencia Escolar: qué es y como abordarla*, edita Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía, Sevilla.

URRUZOLA, M<sup>a</sup> J. (2004) *Guía para rapazas: cómo previr las agresiones e defenderse de ellas*, Xunta de Galicia, Santiago.

URRUZOLA, M<sup>a</sup> JOSÉ 1995. *Introducción a la filosofía coeducadora*, ed. Maite Canal, Bilbao.

AA. VV. (2003) *Educación e género. A discriminación de género no ámbito escolar galego*. Seminario Permanente de educ. para a igualdade. Xunta de Galicia.

AA. VV. (1986) *Manual de Acción. Cómo llevar a la práctica la igualdad entre los sexos*, Comisión de las Comunidades Europeas. Madrid, Ministerio de Cultura. Instituto de la Mujer, Madrid.

AA. VV. (2002) *Guía para a detección de situacións de maltrato infantil* ,edita Xunta de Galicia, Santiago.

AA. VV. (2000) *Prevenir la violencia* .Cuadernos de educación no sexista, nº 7. Instituto de la Mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Madrid.

AA. VV. (2001) *Relaciona. Una propuesta ante la violencia*. Serie de cuadernos de educación no sexista. Nº 11 Instituto de la mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Madrid.

AA. VV. (1999) *Sensibilización sobre violencia familiar: la autoestima. Sensibilización para la coeducación. Resolución de problemas*, edita Gobierno de La Rioja.

AA. VV. (2005) *Violencia: tolerancia cero*. Programa educativo de la Obra Social 'la Caixa' (Pódese solicitar para os centros educativos de forma gratuita en calquera das oficinas da entidade.)





**a igualdade como solución**  
a escola: modelo e motor na prevención  
da violencia contra as mulleres



MINISTERIO  
DE TRABAJO  
Y ASUNTOS SOCIALES

SECRETARÍA  
GENERAL  
DE POLÍTICAS  
DE IGUALDAD  
INSTITUTE  
DE LA WOMEN



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA  
DA IGUALDADE E DO BENESTAR  
Secretaría Xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

